

PLAN DE ORIENTACIÓN  
EDUCATIVA

IES CABO ORTEGAL

CURSO: 2023-2024

## INDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>3</b>
<b>2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....</b>	<b>4</b>
<b>2.1.O Noso centro.....</b>	<b>4</b>
<b>2.2.O Departamento de orientación.....</b>	<b>5</b>
<b>3. DETECCIÓN DAS NECESIDADES.....</b>	<b>6</b>
<b>4. OBXECTIVOS XERAIS.....</b>	<b>8</b>
<b>5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN.....</b>	<b>8</b>
<b>6. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN.....</b>	<b>10</b>
<b>6.1.Atención a diversidade.....</b>	<b>11</b>
<b>6.2.Acción tutorial.....</b>	<b>13</b>
<b>6.3.Orientación académica e profesional.....</b>	<b>17</b>
<b>7. ACTUACIÓNS CO CONTORNO ESCOLAR.....</b>	<b>20</b>
<b>8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....</b>	<b>20</b>
<b>9. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN.....</b>	<b>21</b>
<b>10. AVALIACIÓN DO PLAN.....</b>	<b>21</b>
<b>ANEXO I: Actividades complementarias e extraescolares.....</b>	<b>22</b>

## 1. INTRODUCCIÓN.

O Plan de Orientación anual é o documento que recolle a proposta de traballo do departamento de orientación para o curso académico 2023-2024, e polo tanto guiará a práctica orientadora do noso IES. Para a elaboración deste plan, partimos da análise de necesidades baseada na revisión dos distintos documentos do centro, información recollida nas distintas reunións e na memoria do curso pasado.

Consideramos que o noso traballo é un traballo a longo prazo e dificilmente valorado de forma cuantitativa. É por isto que imos seguir a liña de traballo tendendo máis a incidir sobre a organización e defendendo o modelo de prevención fronte ó modelo reactivo e clínico, se ben, farase atención directa nos casos que sexa preciso.

Engadir, que o departamento de orientación tratará de atender a todas as demandas xurdidas, dando prioridade en todo caso a etapa de ESO, por ser esta a que garante a educación básica e obrigatoria, e dentro desta centrarémonos nos dous primeiros cursos co fin de tentar atallar a problemática que poda xurdir o máis cedo posible.

O Departamento de Orientación do I.E.S Cabo Ortegal realizará as súas funcións, axustándose á lexislación vixente, citaremos como básica entre outras a ter en conta, as seguintes ordes e Decretos:

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Decreto 324/1996, de 26 do xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

- ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

## 2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2.1. O Noso centro

O noso centro está situado nunha vila costeira, a súa economía centrase principalmente na pesca e fabricación de conservas, explotacións forestais e na extracción e comercialización dos minerais da zona.

As comunicacións cos principais núcleos non son nada doadas, o que produce un certo sentimento de illamento na poboación.

O centro acolle alumnado da zona, e das parroquias limítrofes que requiren de desprazamento. O alumnado procede principalmente do centro adscrito de primaria CEIP Manuel Fraga Iribarne, situado na zona do paseo marítimo, moi preto do noso IES. Dende hai uns anos, o centro acolle alumnado procedentes do estranxeiro, principalmente da zona do sur de América e de Europa. Nestes dous últimos anos acolle alumnado Ucraíno, aspecto que hai que ter en conta pola diferenza e cambio que supón para este alumnado a estruturación e organización do sistema educativo en relación ó país de procedencia, tendo este alumnado que facer un gran esforzo na súa adaptación, aínda así pódese dicir que a súa integración escolar e social é bastante boa. En canto ao nivel social-económico-cultural das familias en xeral é medio-baixo.

### **Ensinanzas que oferta o centro no presente curso 2023/24**

O centro imparte as ensinanzas de ESO, Bacharelato e un Ciclo de Grao Medio de Formación Profesional de Sistemas microinformáticos e redes en réxime modular para adultos. No presente curso o centro ten matriculados 147 alumnos/as distribuídos en:

### **Réxime Ordinario**

☐ **ESO un total de 108 alumnos/as**

1º da ESO: 28 alumnos/as

2º da ESO: 31 alumnos/as

3º da ESO: 25 alumnos/as

4º da ESO: 24 alumnos/as ( e un programa de Diversificación curricular con 5 alumnos)

☐ **BACHARELATO un total de 29 alumnos/as**

1º de Bacharelato: 19 alumnos/as

2º de Bacharelato: 10 alumnos/as

### **Réxime de adultos**

☐ **CICLO MEDIO:** Sistemas microinformáticas e redes: 10 alumnos/a

### **Profesorado**

O claustro está formado por 25 profesores/as máis dúas mestras especialistas en pedagogía terapéutica, unha delas a media xornada compartida co CEIP Manuel Fraga Iribarne. Neste curso o centro conta con 6 profesoras/es novos.

## **2.2. O Departamento de orientación (DO)**

**Departamento de Orientación está composto polos seguintes membros:**

Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica (PT): Angela Agrafojo Guerreiro

Mestra especialista en PT a media xornada: Silvia Morado Garea.

Profesor do ámbito científico: Cristovo Taboada Rodríguez

Profesor do ámbito socio – lingüístico: José Luís Sánchez Casal

Xefa do Departamento: María Jesús Permuy Pérez.

**Funcionamento do DO:** Realizaranse as seguintes reunións

- Reunión mensual cos membros do Departamento de orientación levarase a cabo o último luns de cada mes na hora do recreo, no caso de non ser lectivo pasarase ao seguinte luns á mesma hora.
- Reunións semanais coas mestras de apoio.
- Reunións que sexan precisas para atender as necesidades que xurdan na atención aos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Reunións e contacto cos titores/as, ven acoden eles ao Departamento, ou na sala de profesores, ou ven comunicación por e-mail.
- Atención alumnado os xoves e venres de 11:00 a 11:30 ou calquera outro día e hora sempre que o alumnado o solicite con antelación.
- Atención familias os venres 12:20 a 13:10, así como en calquera outro momento con cita previa.
- Tentarase en todo momento de favorecer un clima de cooperación, diálogo e participación tanto na relación entre o alumnado como entre o profesorado. O departamento de orientación pretende ser unha entidade colaboradora en todo momento con calquera membro da comunidade educativa.

### **Instalacións**

O departamento de orientación conta cun pequeno local na planta baixa do pavillón central onde se realizarán as reunións de departamento, a atención individualizada do alumnado, e as entrevistas pertinentes coas familias e co profesorado. Contamos a maiores con dúas aulas provistas de material específico para realizar os apoios as mestras especializadas en PT ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

### 3. DETECCIÓN DAS NECESIDADES

A avaliación de necesidades toma como fontes básicas a observación (percepción do clima do centro), lectura dos documentos institucionais existentes, da memoria do curso pasado, conversas co profesorado, especialmente coas mestras de pedagogía terapéutica, demandas efectuadas polo profesorado e familias que se achegan polo departamento nestes primeiros días de curso. Revisión dos informes do alumnado con dificultades de aprendizaxe, análise das propostas de medidas de atención a diversidade (adaptacións, exencións, programas de reforzo, protocolos, etc)

**A nivel xeral as necesidades do centro poderían sintetizarse nas seguintes:**

- a) Continuar coas actuacións en relación á promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.
- b) Actuacións que teñan como eixo nuclear o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial: asesoramento, colaboración e incorporación de contidos relacionados coa convivencia, coidado emocional, a igualdade real entre homes e mulleres. Fomentar a educación en valores e hábitos de vida saudable (prevención enfermidades), coidado da natureza.
- c) Diseñar actuacións que teñan como obxecto a atención á diversidade.

Identificación temperá de necesidades.

Revisión e/ou modificación das medidas de apoio/reforzo. Avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.

Realizar un especial seguimento do alumnado con TDAH (trastorno por déficit de atención e hiperactividade), TEA (trastorno do espectro autista), Síndrome de Down, altas capacidades e dos casos de Dislexia seguindo os protocolos da Consellaría.

Poñer en marcha as medidas de atención a diversidade para dar resposta educativa ás necesidades do alumnado que se incorpora por primeira vez ao noso IES tanto dende primaria como procedente do estranxeiro.

Realizar programas individualizados, colaboración na realización de novas adaptacións curriculares individuais e renovación das realizadas o curso pasado.

Realizar o seguimento dos alumnos dos grupos de programas de reforzo, apoios e PDC, insistindo na necesidade de axuste metodolóxico e de obxectivos mínimos.

Outras necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso.

Manter a coordinación co centro de primaria da zona, de modo que se facilite o tránsito do alumnado entre etapas educativas.

- d) Asesoramento e colaboración co profesorado no deseño, desenvolvemento e seguimento das medidas de atención á diversidade que existen no centro. Colaboración no relativo á orientación vocacional
- e) Favorecer a participación e implicación das familias na vida do centro e no proceso de E-A das súas fillas e fillos, e na adquisición de hábitos de vida saudables.
- f) Actuacións referentes á orientación académica e profesional: Actuacións relacionadas coa transición nas distintas etapas educativas e actuacións en relación á etapa de transición da formación ao mundo laboral.
- g) Continuar coas medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperá.

#### 4. OBXECTIVOS XERAIS

Establecidas as necesidades no ámbito da orientación formulamos os obxectivos que se propón o departamento de orientación para o curso 2023-24:

- Revisar e actualizar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Facilitar que as familias teñan a maior información posible do seus fillos e fillas .
- Contribuír a manter o nivel case nulo de absentismo escolar.
- Contribuír e favorecer unha axeitada relación e interacción entre os distintos membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como entre a comunidade educativa e o entorno social.



## 5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

Baseándonos nas liñas de actuación que veñen marcadas pola lexislación referidas á orientación, e tendo en conta a análise das necesidades feita no noso centro marcaremos como liñas prioritarias para o vindeiro curso.

### **A nivel do centro:**

Colaborar coa coordinadora do Plan de Convivencia.

Asesorar na CCP para o establecemento e/ou mellora de medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade que podan mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave.

Promover a realización de actividades de orientación e información académica e profesional na que participen axentes externos fundamentalmente co alumnado que remata a ESO, Bacharelato, e Ciclo Formativo ( Visitas, Programa A Ponte...)

Colaborar con outras institucións e axentes externos ao centro cando sexa necesario.

### **A nivel do profesorado:**

Asesorar a titores e profesorado en xeral sobre as medidas de atención á diversidade.

Apoiar aos titores na súa labor, asesorando e proporcionando o material preciso para o seguimento individualizado do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Establecer un calendario de reunións cos titores que permita unha mellor coordinación.

Colaborar na realización da avaliación inicial do alumnado de primeiro de ESO. e do alumnado de nova incorporación para conseguir unha identificación temperá das necesidades .

### **A nivel de alumnado:**

Realizar as avaliacións psicopedagóxicas nos casos que se requira.

Asesorar e axudar á integración no grupo e no centro do alumnado recen chegado.

Accións encamiñadas a desenvolver hábitos de traballo, motivación cara ao estudo.

Contribuír á mellora do clima de convivencia nas aulas.



Colaborar e levar a cabo accións para o desenvolvemento pleno das súas capacidades e da súa personalidade, tendo en conta a vertente persoal, escolar e vocacional.

Promover a formación en igualdade entre mulleres e homes en tódolos cursos.

Fomentar a coeducación promovendo valores igualitarios que contribúan á erradicación da violencia de xénero.

#### **A nivel de familias:**

Facilitar o achegamento das familias ao centro educativo.

Asesorar e dar información sobre o desenvolvemento dos seus fillos na escola.

Establecer canles de comunicación efectiva que repercutan positivamente no desenvolvemento do alumnado.

#### **A nivel do entorno**

Promover o coñecemento da oferta formativa para que todos aqueles que queiran retomar os estudos teñan a mellor información posible.

Colaborar cos Servizos Sociais do Concello.

Colaborar coas Asociacións e organismos que nos axuden a mellorar a atención educativa do noso alumnado.

## **6. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN**

Os ámbitos de intervención son: **Atención á diversidade, acción titorial e a orientación académica e profesional**, recollendo en cada un deles as actividades, temporalización e recursos para o curso académico actual.

## 6.1. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### 6.1.1. ANÁLISE DAS NECESIDADES

Ademais do sinalado en xeral sobre as necesidades do centro diremos que segue a ser preciso recordar os criterios sobre como se deben artellar as medidas de reforzo e adaptación curricular. Actuando sempre dende o menos significativo ao máis significativo.

Neste curso é preciso revisar o Plan Xeral de Atención á Diversidade e seguir a facer unha valoración e seguimento de cada unha das medidas de atención á diversidade (Reforzos, Programa de Diversificación Curricular. Adaptacións Curriculares).

### 6.1.2. OBXECTIVOS

Revisar o Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Procurar que dende a CCP se traballe sobre as medidas de atención á diversidade que respondan ás necesidades e características do noso alumnado.

Intentar que as medidas máis extraordinarias de atención á diversidade no vaian en contra do principio de calidade, equidade e inclusión.

Dinamizar e coordinar as accións levadas a cabo polo profesorado especialista en PT.

Realizar as avaliacións psicopedagóxicas nos casos que sexa preciso.

Colaborar con outros axentes que podan facilitar ou aportar información para unha mellor resposta á diversidade.

### 6.1.3. ACTIVIDADES

#### 1º Trimestre

Asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención á diversidade, en xeral, e sobre as destinadas ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, en particular.

Atención ás demandas de intervención, mantendo o rigor e a discrecionalidade debidos.

Colaborar co profesorado na recollida e análise de datos na avaliación inicial do alumnado de primeiro de ESO.

Establecer un calendario de reunións co profesorado titor para facer un seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe, especialmente nos cursos 1º e 2º da ESO.

Realizar a revisión, ampliación e/ou modificación das Adaptacións Curriculares que sexan precisas.

Establecer en coordinación coas profesoras de PT e o profesorado do alumnado que precise algún tipo de reforzo, os horarios de atención individualizada fóra da aula e dentro da aula ordinaria.

Asistir e asesorar na realización da primeira avaliación .

## **2º Trimestre**

Analizar nas reunións de departamento de orientación os datos recollidos na primeira avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo-clase nos casos que sexa necesario.

Facer o seguimento das ACS, do Programa de Diversificación Curricular de 4º da ESO.

Facer o seguimento do alumnado que sexa obxecto de reforzo educativo en colaboración coas profesoras de Pedagogía Terapéutica..

Proporcionar o material e a información necesarios ao profesorado para unha mellor resposta ás necesidades do alumnado.

Proporcionar información específica e pautas de desenvolvemento no fogar ás familias naqueles casos que sexa necesario.

Asistir e asesorar na segunda avaliación.

Valoración de posibles candidatos a MAD para o vindeiro curso: PDC, RE, ACs, agrupamentos.

## **3º Trimestre**

Analizar nas reunións de departamento de orientación os datos recollidos na segunda avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo-clase nos casos que sexa preciso.

Asistir ás avaliacións do terceiro trimestre, asesoramento sobre todo no relativo á promoción, criterios de avaliación.

Colaborar na realización do informe individualizado do alumnado.

Colaborar na proposta de alumnado para o vindeiro curso susceptible de formar parte dalgún tipo de medidas de atención á diversidade: reforzos, agrupamentos, PDC ou derivación a unha FP Básica, etc.

Realizar e analizar as conclusións da avaliación da nosa actuación como departamento de orientación.

#### 6.1.4. RECURSOS

**Recursos persoais:** Na atención á diversidade estaremos implicados todos e todas as integrantes do equipo educativo. Para o desenvolvemento destas actuacións estará máis directamente o profesorado de aula con nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe e as profesoras de pedagogía terapéutica.

**Recursos materiais:** Ademais dos protocolos e materiais específicos ou elaborados no departamento, empregaremos de ser o caso material aportado polo EOE, lexislación pertinente, bibliografía existente no Departamento e na biblioteca do centro.

## 6.2. ACCIÓN TITORIAL

Entendemos a orientación e a tutoría dos alumnos como tarefa de todo o profesorado e, por iso, como algo que abarca tanto as actuacións que, con carácter máis específico, desenvolve o profesor titor co seu grupo ou na comunicación coas familias e o resto do profesorado como aquelas outras que cada profesor dentro da súa materia leva a cabo para orientar, tutelar e apoiar o proceso de aprendizaxe de cada un dos seus alumnos.

A orientación e a tutoría dos alumnos é unha tarefa compartida polo profesorado, sendo a figura do profesor titor fundamental e necesaria na coordinación do equipo de

profesores do grupo, no contacto coas familias, e no desenvolvemento dalgúns funcións específicas.

A finalidade fundamental do PAT é a de favorecer o desenvolvemento persoal, fomentar a cohesión do grupo, mellorando as relacións interpersoais, o coñecemento mutuo, a cooperación entre o alumnado e a reflexión acerca do momento evolutivo no que se atopan.

Tendo en conta os **eixos e accións esenciais do PAT**, as actividades que se proporán ó longo do curso, serán repartidas nos tres trimestres e tratarán de dar resposta ás diferentes necesidades e intereses de cada un dos niveis educativos.

### 6.2.1. ANÁLISE DAS NECESIDADES

Tras consultar a memoria do departamento e a avaliación do plan de acción tutorial seguido o pasado curso detectamos as seguintes necesidades:

- Sería preciso establecer unha hora de reunión semanal cos titores/as especialmente de 1º e 2º da ESO.
- Seguir na liña da prevención, atender as necesidades que vaian xurdindo, poñer en marcha os recursos necesarios que favorezan o desenvolvemento persoal do alumnado.
- Fomentar e traballar as habilidades sociais e a resolución non violenta dos conflitos.
- Promover valores igualitarios que contribúan á erradicación de todo tipo de violencia.

### 6.2.2. ACTIVIDADES

**A nivel de centro:**

- Axustar o PAT ao presente curso, en colaboración co profesorado titor/a.

- Dinamizar e apoiar dende o departamento a posta en práctica e a avaliación do referido plan.

### **A nivel de profesorado:**

- Reunións para o asesoramento e entrega de material que se requira para o desenvolvemento do PAT.
- Proporcionar información relevante das necesidades educativas do alumnado, co fin de proporcionar a mellor resposta de atención á diversidade.
- Recollida de información e axuda para realizar o seguimento do alumnado do grupo e especialmente daquel que precise de atención específica.
- Actividades de acollida do alumnado: presentación do titor, coñecemento das aulas....
- Información individualizada ás familias por parte do titor ou orientadora cando o demanden, materias, normas do centro, horarios, emprego axenda, temas de convivencia.
- Sesións de avaliación e medidas a tomar: aspectos burocráticos de avaliación.
- Actividades para un coñecemento das N.O.F. por parte do alumnado.
- Elección de delegado/a: coñecemento das funcións do delegado, reflexión sobre características dun bo delegado, proceso de elección de delegado (constitución mesa electoral, electores, candidatos, acta de elección,..)
- Informar ó alumnado sobre temas de interese: convocatoria de becas, probas de acceso á universidade, o ingreso na universidade, os ciclos formativos de grao medio e superior,..
- Proporcionar información de orientación académica e profesional de carácter individual. O DO conta cunha ficha de petición de información á disposición do alumnado .
- Asistencia a algunha xornada de orientación organizada polas universidades (de xeito presencial e/ou virtual).

### **A nivel de familias:**

- Colaboraremos nas reunións coas familias para dar información sobre a marcha do curso ou outros temas de interese ou necesidades xurdidas. Fomentaremos nestas reunións o tratamento de temas de interese para a educación dos rapaces e rapazas, para a mellora da convivencia, procurando en todo momento crear un clima de cooperación centro-familia.

#### **A nivel de alumnado:**

- Desde o Departamento dinamizaremos actividades, Charlas externas, que o profesorado desenvolverá na práctica no seu grupo-aula, asistindo a algunha sesión se fose preciso.
- As temáticas das charlas terán como obxectivo favorecer o desenvolvemento persoal do alumnado tanto para unha boa convivencia como para desenvolver unha vida o máis saudable posible (acoso, novas tecnoloxías, violencia de xénero, coidado da natureza, seguridade viaria, talleres de saúde: sexualidade, alimentación, primeiros auxilios, drogas, enfermidades...)
- No documento sobre a acción tutorial recollerase o programado para cada curso.

### **6.2.3. RECURSOS**

Recursos persoais: Implicación de todo o profesorado e en especial dos axentes da acción tutorial (CCP, Xefatura de Estudos, profesorado titor, DO, e outros axentes externos ao centro que participarán nas distintas actividades que se establezan no PAT).

Recursos materiais: adaptados aos diferentes niveis, e tendendo a empregar o máximo posible o formato dixital co obxectivo de aforrar no posible o gasto de papel.

### **6.2.4. AVALIACIÓN**

O DO fará un seguimento a través de información aportada polo titor/a de cada unha das actividades feitas atendendo os seguintes criterios:

- Valoracións que fai o alumnado tras rematar cada actividade a través de comentarios que fai ao titor/a.



- Valoración que fan os tutores/as de cada actividade realizada.
- De haber aspectos negativos anotarase na ficha de rexistro de actividades no apartado de observación.

Ao final de curso farase unha avaliación final da tutoría na que recolleremos a opinión do alumnado, do profesorado encargado de levar a cabo directamente a acción tutorial. Farémola a través de cuestionarios sinxelos que se entregarán a cada un deles. Analizaremos tamén o grao de satisfacción dos tutores coas reunións no departamento e o grao de satisfacción das familias coas reunións que levemos a cabo.

## 6.3. ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

### 6.3.1. ANALISE DAS NECESIDADES

Proporcionar toda a información necesaria para que o alumnado realice a súa elección académica ou profesional, con accións específicas encamiñadas a reducir calquera tipo de desigualdade.

A Orientación académica e profesional ten como finalidade favorecer a toma de decisión de carácter vocacional por parte do alumnado. É importante que á hora de decidir, o alumno se informe por diferentes medios, reflexione e tome as decisións mais acordadas coas súas posibilidades, capacidades, intereses e motivacións

### 6.3.2. OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

O obxectivo xeral do POAP é favorecer a madurez vocacional do alumnado para que sexan capaces de realizar unha toma de decisións autónoma e reflexiva.

Para acadar este obxectivo será preciso atender os seguintes bloques temáticos:

- Coñecemento de si mesmo.

- Coñecemento do sistema educativo
- Coñecemento do mundo laboral
- Coñecemento e aplicación de procesos de recollida e análise de información
- Coñecemento e aplicación de estratexias de toma de decisións.

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As actividades na ESO levaranse a cabo a través dos respectivos PAT xa que a maioría delas desenvolveranse na hora de titoría grupal.

### 1º e 2º da ESO

- O proceso de toma de decisións: fases do proceso, actividades sinxelas de toma de decisións mediante casos prácticos.
- Explicación do sistema educativo: sobre todo en 2º da ESO.
- Elaboración do Consello Orientador ao finalizar o segundo curso, incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e da adquisición das competencias clave correspondente, así como unha proposta da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo de formativo de grao básico.

### 3º e 4º da ESO

- O proceso de toma de decisións: fases do proceso, actividades de toma de decisión mediante casos prácticos.
- Explicación do sistema educativo. Distintas posibilidades o rematar a ESO.
- Cuestionario de intereses profesionais.
- Elaboración do Consello Orientador ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria e incluírá una proposta sobre a opción ou as opción académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes.

## BACHARELATO

- Realizar sesións informativas co alumnado sobre as distintas posibilidades ó rematar o Bacharelato, información sobre ofertas educativas e formativas da zona.
- Información e orientación sobre as distintas Universidades, centrándose especialmente no distrito universitario galego.
- Información sobre probas de acceso a Universidade, Becas de estudio, residencias, ciclos formativos de grao superior,..
- Asistencia co alumnado a algunha xornada organizada polas universidades .
- Participar nas sesións informativas que as universidades oferten (Programa A Ponte Universidade de Santiago de Compostela (USC), charlas informativas da Universidade da Coruña ( UDC), escolas superiores...)
- Atender ás demandas de información puntuais.

## CICLO FORMATIVO

- Asesoramento a pais e alumnado cando o demanden (continuidade de estudos, saídas profesionais)

### 6.3.3. RECURSOS

Recursos persoais: Profesorado Titor, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación. Axentes externos ao centro: Persoal do programa A Ponte da Universidade de Santiago de Compostela e persoal da Universidade da Coruña, profesorado dos IES da zona, técnicos laborais do concello, orientadores do Servizo Galego de Colocación.

Recursos materiais: material elaborado polo DO, material proporcionado polos distintos axentes externos implicados nas distintas actividades, información das distintas universidades e centros de formación profesional etc.

### 6.3.4. AVALIACIÓN

A avaliación continua farase ao remate de cada actividade mediante comentarios do alumnado, dos titores e axentes participantes. De haber aspectos negativos anotarase na ficha de rexistro de actividades no apartado de observacións.

Ao remate do curso farase unha avaliación final mediante cuestionarios. Como resultado da mesma realizaranse as modificacións do programado que sexan precisas. As modificacións realizadas, a súa xustificación e a proposta de actualización do POAP incorporaranse á memoria do Departamento.

## 7. ACTUACIÓNS CO CONTORNO ESCOLAR

Fomentar a colaboración co centro adscrito de Primaria (CEIP) dado que o alumnado dese centro incorporase posteriormente ao noso IES. Fomentaremos unha canle fluída de comunicación coa orientadora do CEIP como elemento básico. Traballarase para que o paso dunha etapa a outra resulte como un continuo dentro do ensino obrigatorio.

Levaranse a cabo sesións de información e acollida no mes de xuño para acoller ao novo alumando de 1º ESO.

## 8. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A actuación do departamento atenderá á modalidade de programas, deste xeito entendese a orientación coma un labor de todo o equipo docente e por extensión de toda comunidade educativa, sendo o departamento de orientación un dinamizador deste proceso. A actuación por programas non se limitará soamente a actuacións puntuais, senón que pretende establecer un continuo orientador que abarque toda a escolaridade dos alumnos e alumnas. Destacar así mesmo, que a nosa concepción da orientación non se limita exclusivamente ós alumnos/as senón que abranguerá ós diferentes membros da comunidade educativa (profesorado, familias...). Entendese a educación como una orientación para toda a vida, abarcará entre outros aspectos o asesoramento sobre

camiños diferentes, así como a atención individualizada ás necesidades do alumnado e que ademais debe tender a acadar a autoorientación do alumnado, que sexan capaces de tomar as súas propias decisións. Finalmente insistir que o presente Plan ten un carácter emerxente, e dicir, que nos serve de guía para orientar a nosa práctica, pero que a súa vez non nos limita a atender a cuestións que vaian xurdindo de improviso e que poden enriquecer a nosa actuación

## 9. RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN

Os recursos persoais e materiais empregados serán en xeral os sinalados para cada ámbito de intervención e para cada programa que se desenvolve dentro destes.

A temporalización virá enmarcada en cada trimestre e coincidirá coa sinalada para cada ámbito e programa de intervención.

## 10. AVALIACIÓN DO PLAN

Consideramos a avaliación como parte inherente a toda acción pedagóxica. É por iso que estableceremos técnicas e criterios de avaliación para cada unha das accións que levemos a cabo desde o Departamento. Así para a avaliación deste plan teremos en conta tres momentos no proceso de avaliar:

Avaliación inicial: é a que nos permite saber cal é a situación de partida e as necesidades do contexto, para a partires de aí establecer un plan de acción.

Avaliación formativa: daranos información sobre a marcha e aplicación do plan que nos axudará a incluír novas metas ou realizar as modificacións oportunas.

Avaliación final: determinará os resultados acadados ao remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade ou aplicabilidade dun programa ou plan no contexto.

### **Estas actividades de valoración irán encamiñadas a:**

- Valorar en que medida vamos logrando os obxectivos propostos
- Mellorar os deseños de intervención orientador e psicopedagóxica para corrixir os erros ou adaptalos de cara a conseguir unha maior eficacia.

### **Criterios de avaliación.**

- Grao de consecución dos obxectivos propostos.

- Grao de adecuación das actividades realizadas. Consonancia entre as actividades propostas e os obxectivos marcados.
- Grao de adecuación dos recursos utilizados.
- Grao de participación e implicación de todos os axentes educativos.
- Conflitos e dificultades xurdidas e forma de resolvelas
- Grao de satisfacción do profesorado, alumnado e familias co traballo do DO.

Recursos para a avaliación: Empregaremos cuestionarios para a recollida de datos sobre algunhas das actividades, tamén recolleremos as opinións dos membros do departamento.

#### ANEXO I

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (coa colaboración doutras entidades).

CURSOS	ACTIVIDADES: CHARLAS/OBRADOIROS	ORGANISMO	DATAS/MES
1º ESO	<b>PRIMEIROS AUXILIOS</b>	Centro Saúde	<b>Xoves 26 outubro</b>  9:20 a 10:10
	<b>DELITOS DE ODIOS E DISCRIMINACIÓN</b>	Plan director	<b>Mércores 29 novembro</b>  10:10 a 11
	<b>TIC / CIBERSEGURIDADE/</b>	Plan director	<b>Mércores 13 decembro</b>  10:10 a 12:00
	<b>PROTECCIÓN NATUREZA</b>	Plan director	<b>Mércores 10 de xaneiro</b>  10:10 a 11
	<b>COÑECE O TEU CORPO</b>	Centro saúde/ outra entidade	Sen confirmar data
	<b>PROGRAMA DE HHSS</b>	ASFEDRO	2º ou 3º Trimestre

2º ESO	<b>PRIMEIROS AUXILIOS 2º ESO A</b>	Centro Saúde	<b>Mércores 25 de outubro</b>  10:10 a 11:00
	<b>PRIMEIROS AUXILIOS 2º ESO B</b>	Centro Saúde	<b>Venres 27 de outubro</b>  13:10 a 14:00
	ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR 2º ESO B	11: 30 a 12:20	<b>Mércores 13 decembro</b>  11: 30 a 12:20
	ACOSO E CIBERACOSO ESCOLAR 2º ESO A	12:20 a 13:10	<b>Mércores 13 decembro</b>  12:20 a 13:10
	COÑECE O TEU CORPO	Centro saúde/ outra entidade	Sen confirmar data
	<b>CÓMO COÑECER E XESTIONAR AS NOSAS EMOCIÓNS</b>	Centro de Investigación Biolóxicas Margarita Salas., Instituto Cajal, Instituto de Neurociencias y EDuc-at Psicólogos	Sen confirmar  Duración :tres sesións de 60 minutos cada unha e dúas sesións de 90, tendo en conta as necesidades.
	Iniciación segura á pegada dixital e ás redes sociais	Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa	Sen confirmar data  2º trimestre
3º ESO	<b>DROGAS / ALCOL</b>	Plan director	<b>Mércores 29 de novembro</b>  11:30 a 12:20
	<b>VIOLENCIA SOBRE A MULLER</b>	Plan director	<b>Martes 9 de xaneiro</b>  11:30 a 12:20
	<b>PROTECCIÓN NATUREZA</b>	Plan director	<b>Mércores 10 de xaneiro</b>  11:30 A 12:20

	<b>CHARLA SEXUALIDADE:</b>	QUEROTE +	<b>Luns 5 de febreiro</b>  <b>12:20 a 14:00</b>
	<b>ALIMENTACIÓN SAUDABLE</b>		
	<b>TRASTORNOS ALIMENTARIOS</b>		
	<b>CÓMO COÑECER E XESTIONAR AS NOSAS EMOCIÓNS</b>	Centro de Investigación Biolóxicas Margarita Salas., Instituto Cajal, Instituto de Neurociencias y EDuc-at Psicólogos	<b>Sen confirmar</b>  Duración :tres sesións de 60 minutos cada unha e dúas sesións de 90, tendo en conta as necesidades.
4º ESO y  4º PDC	<b>DROGAS / ALCOL</b>	Plan director	<b>Mércores 29 de novembro</b>  11:130 1 12:20
	<b>VIOLENCIA SOBRE A MULLER</b>	Plan director	<b>Martes 9 de xaneiro</b>  10:10 a 11:00
	<b>TALLER ¿CANTO AZUCRE TEN A MIÑA BEBIDA?</b>		<b>Sen confirmar</b>
	<b>PROTECCIÓN NATUREZA</b>	Plan director	<b>Mércores 10 de xaneiro</b>  12:20 A 13:10
	<b>CHARLA SEXUALIDADE</b>	Centro saúde/ outra colaboración	<b>Sen confirmar</b>
1º e 2º	<b>SEGURIDADE VIARIA</b>	Plan director	<b>Martes 9 de xaneiro</b>



Bacharelato			12:20 a 13:10
	CHARLA SEXUALIDADE	Centro saúde/outra entidade	Sen confirmar data
	<b>PROGRAMA A PONTE</b>	Universidade de Santiago de Compostela (USC)	Sen confirmar data
	<b>Visitas</b>	Universidade da Coruña	Sen confirmar data
	<b>Charla sobre ABAU, Matrícula Universidade, Becas...</b>	Universidade da Coruña	Sen confirmar data

En Cariño Outubro de 2023